

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

EXPOSICIÓN, DO 21 DE ABRIL AO 25 DE MAIO

Vigo recupera 'as palabras e os días' de Álvarez Blázquez

A mostra, situada na Casa Galega da Cultura (Praza da Princesa), inaugurarase o luns 21, e inclúe conferencias e recitais poéticos.

Redacción - 12:00 20/04/2008

Non é doado resumir a actividade de Xosé María Álvarez Blázquez: escritor, editor, arqueólogo, investigador, historiador, mestre... A exposición *A palabra e os días*, organizada pola [Editorial Galaxia](#), a [Consellaría de Cultura](#) e a [Concellaría de Cultura de Vigo](#) busca achegar ao público á súa figura, atendendo ás súas múltiples facetas vitais e creativas.

A mostra constitúe, polo tanto, unha viaxe pola súa vida desde o seu nacemento en Tui ata a súa morte en Vigo, e ao tempo, dalgunha maneira, unha viaxe pola Galicia do século XX. O visitante poderá achegarse a súa obra a través do material bibliográfico exposto, tanto da súa autoría como da súa faceta de editor, e a súa vida a través dos obxectos persoais e as pezas dos fondos da familia Álvarez Blázquez.

A inauguración terá lugar o luns 21 de abril, ás 12.00 horas. Contará coa participación de Ánxela Bugallo, Conselleira de Cultura, Xesús López Carreira, Concelleiro de Cultura de Vigo, Francisco Fernández del Riego, director da Biblioteca Penzol, Víctor F. Freixanes, director xeral de Galaxia, e Francisco Castro, comisario da exposición.

Conferencias e recitais poéticos

O ano da Letras Galegas ten en maio o seu centro, e a inauguración desta mostra supón o arrinque dos actos de homenaxe máis importantes a Álvarez Blázquez, que culminarán o 17 de Maio, Día das Letras. A exposición inclúe un amplo conxunto de actividades paralelas: dous obradoiros (un de arqueoloxía e outro de cantigas medievais galegas) e unha serie de conferencias e recitais poéticos, entre o que destaca o que o martes 22 de abril reunirá a Darío Xohán Cabana, que falará de *A miña lembranza de Xosé María Álvarez Blázquez*, e ao propios fillos do homenaxeado, que recitarán os poemas do pai.

Martes 22 de abril. Darío Xohán Cabana: *A miña lembranza de Xosé María Álvarez Blázquez*. Recital poético a cargo dos fillos de Xosé María Álvarez Blázquez: *As palabras do pai*.

Martes 29 de abril. Sabino Torres: *Emilio e Xosé María Álvarez Blázquez na colección Benito Soto*.

Martes 6 de maio. Víctor Freixanes: *Xosé María Álvarez Blázquez, editor*.

Martes 20 de maio. Pilar Barciela: *Xosé María Álvarez Blázquez, Arqueólogo*.

Novas relacionadas

- [Álvarez, apelido de poeta](#)
- ["Se te non durmes, vén o morcego..."](#)
- [Álvarez Cáccamo repetirá o discurso co que seu pai ingresou na RAG](#)

- ["Se Álvarez Blázquez non é máis coñecido é porque vivía en Vigo e non en Santiago"](#)
- [2008: Ano de Curros e Álvarez Blázquez](#)
- [Xosé María Álvarez Blázquez será o autor das Letras para o ano](#)